



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Filoloxía

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Análise da promoción da cultura galega polos Centros de
Estudos Galegos da Península Ibérica entre 2015 e 2021


Andrea Hermida Silva

TFG xullo 2021

Orientador

Roberto Samartim

Visto do orientador



Resumo

Este traballo estuda a promoción da cultura galega no exterior a través da programación de eventos nos Centros de Estudos Galegos (CEG) da Península Ibérica (PI) entre 2015 e marzo do 2021. Delimitamos este período en función deste ser o lapso temporal recollido no Portal da Lingua Galega (PGL), nosa fonte principal con carácter institucional. O estudo das estratexias de divulgación dos centros faise seguindo unha metodoloxía descritiva, cuantitativa e relacional por medio do aplicativo Refworks; este permite compilar en termos absolutos toda a información necesaria para a realización deste traballo. Para a abordaxe das accións dos CEG e a súa posterior análise conxunta tamén fixemos uso de ferramentas como o Excel, que nos permitiron xerar figuras e traballar con porcentaxes.

A aproximación ao obxecto de estudo é estruturada en tres seccións: en primeiro lugar, damos conta dos pasos seguidos para a elaboración do TFG; en segundo lugar, focamos na análise dos CEG segundo os espazos culturais a que estes pertencen, abordando tanto a súa historia como a descrición das súas actividades no período analizado; en terceiro lugar, realizamos unha análise conxunta das accións dos CEG, describindo a súa tipoloxía en profundidade e analizando os trazos que definen cada espazo.

Constatamos que un estudo exhaustivo dos CEG non fora aínda realizado, polo que a través deste traballo determinamos cuestións tales como o período máis e menos activo para cada territorio vinculado aos CEG, os campos culturais presentes e predominantes en cada un ou o formato das actividades, entre outros aspectos. Entre as conclusións puidemos observar que o evento tipo ten a ver con conferencias, coloquios ou proxeccións que focan na literatura, na música ou no cinema. As ferramentas elixidas cumpren as nosas necesidades e permiten levarmos a cabo análises de tipo cuantitativo, cualitativo e

relacional que achegan información ao tempo que describimos as estratexias culturais seguidas polos CEG no período escollido. Finalmente, logo da preparación deste traballo o camiño cara a novas interpretacións deste obxecto de estudo fica aberto.

Índice

1. Introducción	1
2. Abordaxe das accións dos CEG por territorios	7
2.1. CEG de Portugal	8
2.2. CEG de Euskadi	15
2.3. CEG de Catalunya	20
2.4. CEG do Estado Español	24
3. Análise conxunta das accións dos CEG	29
4. Síntese conclusiva	42
5. Referencias bibliográficas	45

1. Introducción

O presente traballo ten como **obxecto de estudo** o labor de divulgación da cultura galega realizado polos Centros de Estudos Galegos (CEG) localizados na península ibérica (PI); a partir do entendemento dos CEG como axentes culturais virados para a promoción da lingua e a cultura galegas no exterior, o traballo parte do estudo detallado dos 131 eventos organizados entre os anos 2015-2021 (até o día 5 de marzo) polas doce entidades universitarias que contan con CEG no ámbito xeográfico peninsular. Escollemos este encadramento cronolóxico porque este é o período atendido na nosa **fonte principal**, *O Portal da Lingua Galega* (PGL; <https://www.lingua.gal/o-galego/proxecto/historico-de-actividades>), un medio de carácter institucional, ligado á Xunta de Galicia, que ten entre os seus obxectivos divulgar os eventos relacionados con cada un dos CEG estudados.

Como **fontes secundarias** empregaremos para este traballo as páxinas web das universidades de cada entidade e as súas respectivas redes sociais (nomeadamente o *Facebook*). Con todo, os datos obtidos destas fontes secundarias son desequilibrados, e aínda que a maioría dos CEG conta con este medio de comunicación en activo, non en todas as ocasións son publicacións cunha natureza académica ou formal; ademais, non en todos os casos existe acceso a unha información o suficientemente rigorosa e actualizada ou, máis en concreto, nen sempre a información aí disponibilizada preenche as nosas necesidades. Así pois, a función das webs das universidades e das súas redes neste traballo consiste apenas en completar aquelas informacións ausentes do PGL.

Nestas páxinas pretendemos **levantar unha serie de hipóteses**, que poderán ser confrontadas en traballos posteriores, a respecto do tipo de actividades propostas por parte dos CEG, os axentes involucrados nos eventos, os campos culturais (Bourdieu 2004) que aparecen **priorizados** nas actividades e a participación de determinadas institucións galegas, portuguesas

e españolas nelas. Achegaranse tamén análises de tipo cuantitativo-cualitativo que permitan determinar a cantidade e tipoloxía de eventos que foron realizadas en cada unha das universidades ibéricas, así como o impacto observábel dalgunhas celebracións institucionais, como por exemplo o Día das Letras Galegas (DLG), ou de festividades populares, tales como o magosto. O **corpus** utilizado abrangue os referidos 131 eventos reunidos no histórico de actividades do PGL até o día 5 de marzo de 2021.

Limitamos o noso estudo aos CEG localizados na PI baseándonos en criterios como a proximidade xeográfica, cultural e política ao noso país, a cal entendemos que facilita a organización de eventos. En función deste criterio de proximidade xeográfica e cultural, neste traballo analizaremos a política de organización de eventos dos tres centros de Portugal, dos dous localizado en Euskadi, dos outros dous da Catalunya e dos cinco CEG con sede no resto do Estado Español (EE). Deixamos, entón, de parte as accións dos CEG localizados fóra da PI, estean eles na Europa (Alemaña, Croacia, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Reino Unido e Suíza), nos Estados Unidos da América ou na Rusia.

Cómpre **mencionarmos as entidades** a que faremos referencia durante as páxinas a seguir, que por súa vez serán descritas dunha maneira máis pormenorizada nos seguintes capítulos. Agruparemos as institucións ibéricas baseándonos na súa localización en catro espazos culturais diferenciados: Portugal, Euskadi, Catalunya e o EE. O criterio utilizado é a condición de comunidades culturais e históricas distintas, que establecen tamén relacións de diferente natureza coa Galiza. As doce institucións con que traballaremos son as seguintes: En Portugal localízanse os CEG da Universidade do Algarve (UAlg), da Universidade do Minho (UMinho) e da Universidade Nova de Lisboa (UNL); en Euskadi contamos co CEG da Deusttuko Unibertsitatea (DU) e da Euskal Herriko Unibertsitatea (EHU); en Catalunya encontramos a Universitat Autònoma de Barcelona (UAB) e a Universitat de Barcelona (UB)

e, para finalizarmos, no resto do EE están sediados os CEG da Universitat d'Alacant (UA, na Comunitat Valenciana), da Universidad Complutense de Madrid (UCM, na Comunidad de Madrid), da Universidad de Extremadura (UEX, na Extremadura), da Universidad de Granada (UGr, na Andalucía) e, finalmente, da Universidad de Salamanca (USal, en Castela e León).

A **ferramenta procedimental** principal utilizada consiste no recurso a unha base de datos xa preexistente, RefWorks, que permite compilar referencias bibliográficas (neste caso son eventos) e catalogar toda a información necesaria para ser posteriormente analizada. A aplicación foi adaptada ás necesidades do noso estudo, pois posibilita unha opción para engadirmos todos aqueles campos (chaves) pertinentes e verifícase polo mesmo como unha ferramenta útil para recollermos toda a información necesaria para este traballo. A nomeada aplicación fai parte dos servizos que a Universidade da Coruña (UDC) pon ao dispor do seu alumnado para organizar adecuadamente as bibliografías necesarias para a posterior execución de distintos tipos de traballos. As chaves empregadas para identificarmos aquí cada unha das actividades analizadas foron adaptadas de maneira que os recursos existentes fosen optimizados ao máximo. Por exemplo, en Refworks o campo que aparece como “Autores” foi utilizado para o levantamento dos axentes (activos ou en foco) que participan no evento; o “Resumo” recolle unha síntese da actividade; a través das “Etiquetas” clasificamos as actividades de cada centro en diferentes campos culturais, que van desde a literatura até a fotografía ou a gastronomía; a “Data” indica o día, mes e ano do evento; a “Ligazón” é a URL da actividade e remete para a páxina web do PGL; os “Compiladores” son entendidos como os axentes organizadores e/ou colaborativos do evento, que nos indican cales son os organismos públicos ou privados que participan e apoian a programación dos CEG e, por último, o preenchemento do “Lugar da actividade” permítenos determinar os locais que foron disponibilizados para os eventos de cada centro. De maneira extraordinaria preenchemos no

campo “Notas” do aplicativo calquera outra información que é considerada de interese para a comprensión do evento.

En relación coas **ferramentas conceptuais** utilizadas - para alén de repertorio e campo, que remeten, respectivamente, para os desenvolvementos teórico-metodolóxicos dos profesores Itamar Even-Zohar (1997) e Pierre Bourdieu (2004) -, o noso traballo vai ao encontro da noción de diplomacia cultural, pois nel analizamos aspectos tales como a promoción da cultura galega no exterior, a natureza dos eventos culturais organizados polos CEG e o seu eventual impacto na comunidade que os acolle. O Observatorio Basco da Cultura (Kulturaren Euskal Behatokia, 2010: 3) describe o termo da seguinte maneira:

El uso del término diplomacia cultural es relativamente nuevo dentro de las relaciones internacionales, si bien la estrategia cultural ha formado siempre parte de la diplomacia tradicional. La cultura se sitúa como una de las principales tarjetas de presentación de muchos países, en su esfuerzo para promocionar una imagen característica que les ayude a conseguir sus otros retos políticos o de posicionamiento internacional. Pero más allá de este aspecto, la diplomacia cultural juega un rol de vital importancia en las actuales relaciones internacionales. Los intercambios culturales permiten conocer y cimentar puntos en común y de acuerdo con otras realidades. De ser considerada como una parte *soft* de las relaciones internacionales, la diplomacia cultural gana terreno para situarse al mismo nivel que la diplomacia tradicional.

Así pois, se aplicarmos o exposto aos CEG como promotores culturais podemos afirmar que o seu papel é precisamente o de levaren a cabo unha serie de “trocas culturais” (Kulturaren Euskal Behatokia, 2010: 3) que permiten que os diferentes espazos culturais da PI coñezan a Galiza a través de actividades de distinta natureza, que van desde festas tradicionais como o “Magosto tradicional galego”, celebrado no CEG de Vitoria periodicamente entre 2015 a 2019, ou conferencias máis focadas na literatura como por exemplo as impartidas pola escritora Leticia Costas nos CEG de Salamanca (2016), Vitoria (2016) e Deusto (2017). Aínda en

relación con isto, bo exemplo do obxectivo de “cimentar puntos en común e de acordo con outras realidades” (Kulturaren Euskal Behatokia, 2010: 3) son as xornadas levadas a cabo polo CEG da UMinho, tales como a “Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza” (sexto encontro en 2020) ou o “Encontro Minho Galiza” (cuarta conmemoración no ano 2019).

A modo de **estado da cuestión**, listaremos algúns traballos relacionados co noso obxecto de estudo; con todo, temos de reparar en que, salvo erro, unha aproximación focalizada enteiramente na programación de eventos dos CEG como axente cultural aínda non foi levada a cabo, polo que consideramos que esta ausencia pode ser cuberta, na medida do posíbel e nun nivel inicial, co traballo que realizamos. Antes de máis, referenciamos algunhas das publicacións que aparecerán no segundo capítulo vinculadas a cada centro, pois aínda que non estean centradas en exclusiva nas actividades dos CEG, si recollen información sobre elas. En concreto:

- Seoane e Suárez (2001) dan noticia dos eventos organizados en Deusto en volta do DLG no período cronolóxico 1991-2001, mais tamén contén outras reflexións concernentes ao galego como o artigo “A lingua galega no ensino obrigatorio” polo profesor e escritor Manuel Regueiro Tenreiro.

- En Dono López e Groba Bouza (2017) son recollidos diferentes artigos de profesorado ou outras persoas ligadas ao CEG da UMinho. A realización de actividades no centro é interpretada aquí como parte da promoción cultural da lingua e cultura galega; así, aparecen artigos como “Portugal e a proxección exterior da lingua e da cultura galegas no mundo” por Valentín García Gomez, en que o Secretario Xeral de Política Lingüística destaca a importancia da programación de actividades desde os CEG. Con todo, o texto non achega información sobre a tipoloxía dos eventos ou os campos maioritarios en que estes se encadran. Por seu lado, o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, fai mención aos eventos centrados

especialmente na poeta padronesa, no seu ensaio “Rosalía de Castro en Braga”, en que explica que Rosalía de Castro é unha figura imprescindíbel no centro da Universidade do Minho e máis aínda nas diferentes actividades que teñen como obxectivo trazaren pontes entre Galiza e Portugal, como por exemplo a referida “Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza”.

- A compilación asinada por Míguez González, Mociño González e Temprano Ferreiro (2010), conta con diferentes ensaios realizados polo persoal docente, lectorado e inclusive o estudantado do CEG da EHU e tamén recolle os galardoados/as do certame literario “Galicia en Euskadi” dese mesmo ano.

Outrosí consideramos relevante, debido á relativa similitude en relación cos obxectivos focados que pode ter o Instituto Cervantes (IC) a respecto dos CEG, mencionar o traballo de Pazos-Justo, Iriarte Sanromán e Castañer Berenguer (2020) en que as persoas citadas (ligadas á UMinho) expoñen as súas reflexións en canto ás actividades levadas a cabo polo IC na súa sede lisboeta. Tamén é interesante aludirmos ao Traballo Fin de Mestrado de Castañer Berenguer (2020) intimamente relacionado co contributo anterior. Este último poderá servirmos como guía nalgunha das súas seccións, como por exemplo na análise cuantitativa das actividades promovidas desde o IC. Entre as conclusións destes dous traballos que poderán sernos de proveito para o noso estudo, cómpre mencionar, por exemplo, a alta proxección cultural en Lisboa e a menor noutros puntos de Portugal; tamén a duración da maioría dos eventos que analizan, que nunca é superior ás 24h; a preferencia polas actividades ligadas ao cinema e a literatura, dirixidas na súa maioría a persoas adultas e por último, unha grande presenza na programación do IC da cultura española (68%) por cima doutras como a mexicana (40%), dominicana (12,6%), a galega (1,8%) ou catalá (1,2%) (Castañer Berenguer, 2020: xlv).

Xa en relación coa estrutura deste traballo, o capítulo 2 céntrase na análise dos CEG segundo os espazos culturais a que estes pertencen, abordando tanto a súa historia como a descrición das súas actividades no período analizado. No capítulo 3 realizamos unha análise conxunta das accións dos CEG, describindo a súa tipoloxía en profundidade e analizando os trazos que definen cada espazo, mentres que no capítulo 4 é ofrecida unha síntese conclusiva.

2. Abordaxe das accións dos CEG por territorios

Na presente sección focalizaremos a información existente sobre os CEG como organizadores de eventos. Segundo o PGL, os CEG son institucións ligadas á Xunta de Galicia, situadas en diferentes universidades repartidas por todo o mundo (38 na actualidade) que imparten docencia de Lingua e Literatura Galega, e cuxos programas de estudos focan na adquisición de distintas competencias en ámbitos que van desde cuestións puramente lingüísticas e literarias até o coñecemento da realidade cultural galega. Destas, 27 universidades contan con lectores/as con formación superior en galego, é dicir, cursaron o Grao ou a Licenciatura en Filoloxía Galega ou posúen outras titulacións que se entenden equivalentes, segundo as diferentes convocatorias e concursos (véxase, por exemplo, Xunta de Galicia, 02/11/2020: 43560).

Portugal	Euskadi	Catalunya	Estado Español
Universidade do Algarve (UALg)	Deusttuko Unibertsitatea (DU)	Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)	Universitat d'Alacant (UA)
Universidade do Minho (UMinho)	Euskal Herriko Unibertsitatea (EHU)	Universitat de Barcelona (UB)	Universidad Complutense de Madrid (UCM)
Universidade Nova de Lisboa (UNLx)			Universidad de Extremadura (UEX)
			Universidad de Granada (UGr)
			Universidad de Salamanca (USal)

Tabela 1: Relación de espazos culturais peninsulares e universidades con CEG.

Fonte: elaboración propia.

Na tabela 1 son presentadas as 12 universidades peninsulares que contan con CEG, repartidas por territorios culturais e divididas en catro espazos: Portugal, Euskadi, Catalunya e o EE. Dado que o número total de actividades rexistradas é de 131 eventos e que o número de centros é de 12, corresponde unha media de 10,9 actividades a cada centro no período total estudado e, polo tanto, a media anual por centro sería de 1,55 actividades. Estas cifras, servirannos na nosa análise para determinar que centros son máis activos no período (e realizan por tanto máis de 11 actividades ao longo destes anos) e que centros son máis dinámicos cada ano (e levan a cabo dúas ou máis actividades por ano). Todos estes datos serán explicados mediante figuras ao longo deste traballo.

2.1. CEG de Portugal

O CEG da **UAlg** recolle información na páxina web da Universidade (<https://fchs.ualg.pt/centro-de-estudos-galegos>), onde figura a fundación do centro no ano 2000 ou os obxectivos que este pretende, destacando especialmente o aspecto de troca e difusión da lingua e cultura entre Galiza e Portugal. Desta páxina web retiramos o seguinte: “O centro desenvolve aínda un papel importante na difusión da cultura galega na região do Algarve, creando vínculos entre actores culturais galegos e portugueses a fin de abrir un espazo para o diálogo entre os dous povos”. Indícanse neste mesmo site os dous volumes editados pola Universidade do Algarve (Valenciano 2000 e Botana Vilar 2020). Ademais, tamén aparecen mencionadas algunhas das actividades promovidas desde o CEG, así como as disciplinas semestrais de que é responsábel o profesorado lector de cada ano académico, que son: Literatura Galega, Língua e Cultura Galega I, Língua e Cultura Galega II e Cultura Galega. Tal e como se observa, este centro conta con formación regrada en galego promovida desde o CEG.

O CEG da **UMinho** foi creado en 1997. Na súa páxina web (<https://www.ilch.uminho.pt/pt/Centros/Paginas/Centro-de-Estudos-Galegos.aspx>) tamén son

mencionados diferentes cursos e actividades que foron realizadas desde o centro, como por exemplo os Cursos Livres de Galego ou a opción de o alumnado cursar Literatura e Cultura Galegas nas diferentes licenciaturas do Instituto de Letras e Ciências Humanas (ILCH) da UMinho; por tanto, a universidade conta con formación regulamentada. Alén disto, na páxina tamén se especifica que “um dos seus objetivos consiste em fomentar a cooperação inter-regional Galiza-Norte de Portugal”. Este aspecto, que ten a ver co feito de se crearen lazos entre os dous países con relacións lingüísticas, históricas e culturais, xa foi mencionado no caso da UAlg. Ademais, Dono López e Groba Bouza (2017) recollen numerosos artigos e tamén compilan algunhas das iniciativas levadas a cabo no centro desde a súa creación en 1997 até 2017.

O CEG da UNL foi fundado en 1994. Na súa web (<https://ceg.fcsh.unl.pt/>) aparece bastante información sobre o centro e máis unha vez, como en todas as universidades portuguesas que caracterizamos, faise referencia á relación entre os dous territorios veciños: “O centro desenvolve um papel importante na difusão da cultura galega na cidade, criando vínculos entre atores culturais galegos e portugueses a fim de abrir um espaço para o diálogo entre os dois povos”. Tamén no site da universidade achamos os proxectos en desenvolvemento do Centro, algunhas das súas responsabilidades, a equipa actual do CEG ou algúns escritores e algunhas escritoras galegos/as que participaron en proxectos alí.

En relación coa análise na actividade dos CEG situados en territorio portugués observamos un maior volume de actividades levadas a cabo na UMinho (16/32; 50%), seguida da UNL (12/32; 37,5%) e da UAlg (4/32; 12,5%) [Figura 1].




Figura 1. Cronoloxía e volume de actividades dos CEG sediados en Portugal.

Fonte: Elaboración propia.

Como vemos, en 2015 non aparecen rexistros de actividades nos centros portugueses. A UMinho é a universidade máis activa pois chega á media de dúas actividades por ano sempre, excepto en 2020 e 2021. Porén, nestes anos mantense activa, a diferenza das outras dúas universidades portuguesas. Sendo 2016 o momento en que a UMinho presenta un maior número de eventos, esta vese ultrapasada en 2017 e 2019 pola UNL.

Canto á media total, a UMinho e a UNL superan o número de 10 actividades no total do período (16 no primeiro caso e 12 no segundo) en tanto que a UAAl non o alcanza (3). No balance total do período, estas dúas universidades son aquelas cuxa actividade é superior ou igual á media, mentres que a UAAl se sitúa por debaixo desta.

Canto ao tipo de actividades realizadas, os tres centros non focalizan nun único tipo de evento, senón que encontramos, por exemplo, coloquios que teñen a ver coa literatura, como “Conversa aberta sobre teatro” (CEG da UNL), celebracións populares como o “Magosto 2019 no Algarve” (CEG da UAAl) ou actividades de proxección como o “Cinema social” (tamén no

CEG da UAlg). No referido aos repertorios, observamos bastantes actividades ligadas ás celebracións institucionais do DLG (5/32; 15,6%) e do Día de Rosalía (5/32; 15,6%), mentres que outras temáticas como a celebración popular do magosto (1/32, 3,1%) ou os eventos arredor da emigración (1/32, 3,1%) e do Camiño de Santiago (1/32, 3,1%) están moito menos presentes.

Na Figura 2 son representados os campos culturais nas actividades levadas a cabo polos centros portugueses. O criterio seguido para a presentación é a pertenza de polo menos de dúas actividades a cada campo, sendo posíbel que cada actividade recolla máis dun único campo. Fican fóra a fotografía e as cuestións de xénero por se ter celebrado unicamente unha actividade que alberga estes campos na UMinho. A diversidade de tipoloxías e campos está ligada á realización de eventos cun alto grao de institucionalización, de actividades en que se recolle unha importante variedade de categorías dunha indiosicrasia relativamente heteroxénea, como os “Encontros Minho-Galiza”, a “Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza” e o “Día da Galiza en Braga” (todas elas celebradas na UMinho). Tamén achamos actividades dunha única edición, de novo moi variadas, como a proxección e coloquio titulada “Contando a Carlos Casares” [sic] na UAlg, xa citada, ou a presentación do libro de Carlos Callón (2017) na UNL.




Figura 2: Campos culturais promovidos polos CEG sediados en Portugal.

Fonte: Elaboración propia.

Son característicos dos centros portugueses os campos da literatura, a música e os audiovisuais. En xeral, estes compartillan o obxectivo de trazaren vínculos entre a Galiza e Portugal por medio de diferentes actividades, que en moitas ocasións tamén inclúen o movemento reintegracionista¹. Citamos, a modo de exemplo, a Semana Cultural “Convergências Portugal-Galiza”, celebrada periodicamente na Universidade do Minho ou a actividade “A imagem da Galiza em Braga”. A UMinho conta cunha serie de actividades periódicas, xa nomeadas, que son: o “Encontros Minho-Galiza”, a “Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza” e o “Día da Galiza en Braga”, todas elas con continuidade na actualidade. Estes encontros abranguen diferentes tipoloxías de eventos e campos culturais pois teñen unha duración de máis de tres días (coa excepción do Día de Galiza en Braga) e neles realízanse conferencias, concertos, degustacións de gastronomía galega e actividades infantís, entre outros eventos. A mencionada programación repítese con periodicidade anual, o que lle proporciona unha estabilidade no tempo con que non contan outras iniciativas de carácter isolado, como conferencias puntuais ou presentacións de obras literarias.

É preciso indicarmos algunhas das persoas que interveñen nestes eventos en que se partilla o patrimonio lingüístico e cultural común da Galiza e Portugal (como os “Encontros Minho-Galiza” e a “Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza”): o profesor da UMinho Carlos Pazos-Justo (seis actividades), o grupo musical tradicional e popular portugués Canto d’Aqui (cinco actividades), a cantante Uxía Senlle (tres actividades), o músico Artur Caldeira (dúas actividades), a cantante Iria Estévez (dúas actividades), o presidente da AGAL Eduardo Maragoto (dúas actividades), o profesor e presidente da Fundación Rosalía de Castro Anxo

¹ “Escritores/as reintegracionistas são aqueles/as pertencentes ao sistema literário galego que consideram ‘galego’ e ‘português’ como variantes de uma mesma língua e que desenvolvem estratégias repertoriais e institucionais consequentes com esta posição de partida. Entre estas estratégias destaca a adopção de modelos ortográficos, morfológicos e normativos convergentes com os padrões oficiais da língua portuguesa – quer dizer, diferentes do modelo promovido e institucionalizado desde 1983 pelas instituições públicas galegas, mais próximo da ortografia espanhola” (Lourido, 2019: 207).

Angueira (dúas actividades), o músico Xico Malheiro (unha actividade), a regueifeira Alba Maria (unha actividade), a profesora e escritora Rosalía Fernández Rial (unha actividade) e o editor Francisco Castro (unha actividade). Segundo vemos, só tres produtores/as exceden o número de tres actividades, en tanto que oito persoas están implicadas nun ou dous eventos. A maior parte das persoas implicadas nos eventos estano unicamente nunha ou dúas ocasións no máximo polo que deducimos que hai unha diversificación de axentes.

Tamén foron organizadas polo CEG asociado á UMinho actividades de carácter non cíclico, como “A imaxe da Galiza en Braga” (anteriormente mencionada), onde foron apresentados os libros de Carlos Quiroga (2016) e Carlos Pazo-Justos (2016), publicados polo selo reintegracionista Através Editora e focados na imaxe que ten a poboación galega da portuguesa e viceversa. Alén disto, tamén foron levadas a cabo unha serie de proxeccións no “Ciclo de cinema Luso-Galego: Mulleres, patrimónios e sociedades” baseada “na vontade de establecer lazos que conecten ambas realidades galega e portuguesa” arredor de “diferentes aspectos que son de plena actualidade e preocupación social: a situación social das mulleres, as sociedades rurais, o seu empoderamento e a súa relación co patrimonio”². Neste último evento participaron axentes galegos e portugueses procedentes dos ámbitos seguintes: Ramón Villares (profesor da USC, presidente do Consello da Cultura Galega e historiador), Rui Vieira Castro e Diana Gonçalves (docentes universitarios), Sara Traba, Álvaro Gago e Eloy Enciso (directores/as de cine). Do exposto despréndese a existencia dunha tendencia á representación de fenómenos contemporáneos como o novo cinema galego, máis tamén un importante peso da docencia e investigación universitaria, que van da man do campo cultural da literatura.

No CEG asociado á UNL organizáronse algunhas actividades arredor do reintegracionismo como a titulada “(Des)encontros galego-portugueses” que constou de

² https://www.lingua.gal/o-galego/proxecto/historico-de-actividades/_contido_0249/ciclo-cinema-luso-galego-mulleres-patrimonios-sociedade (3, 10 e 19 de maio de 2018).

diferentes conferencias literarias e culturais (da man do escritor e profesor portugués Marco Neves, o profesor e investigador e informático galego José Ramón Pichel, a profesora e antropóloga Paula Godinho, o profesor Carlos Pazos-Justo e a profesora e activista da lingua Mercedes Queixas Zás); da proxección do documental “Santa Liberdade” da directora cinematográfica e profesora da USC Margarita Ledo Andión, do evento A visión da Galiza em Portugal:Lisboa, Minho e Trás-os-Montes da man de Emilio Cambeiro e da presentación do libro de Marco Neves (2017).

Tal e como contemplamos, os eventos asociados ao movemento reintegracionista e todo o que ten a ver coa vinculación lingüística e cultural entre Galiza e Portugal son característicos do país veciño e constitúense nun trazo específico e non compartillado con outros territorios en foco (segundo se verá a seguir). Alén do máis, as persoas que interveñen nos eventos desta natureza son en grande parte individuos destacados do reintegracionismo (nomeadamente o presidente da AGAL Eduardo Maragoto ou o vicepresidente desta mesma asociación, Carlos Quiroga).

Por súa vez, a respecto dos axentes institucionais en Portugal e alén da presenza dos CEG, das universidades asociadas a cada centro e da administración autonómica galega (aspectos estes comúns a outros territorios), encontramos como novidade a participación en eventos de entidades como o Centro Intercultura Cidade de Lisboa (<https://interculturacidade.wordpress.com/quem-somos/>), a Rádio Universitária do Minho (<https://www.rum.pt/>) ou o grupo Canto d’Aqui, anteriormente mencionado. Para alén disto e debido á natureza das actividades características de Portugal, destacamos que nelas colaboran algunhas entidades con vínculos explícitos co reintegracionismo, tales como a Rede da GaliLusofonia (<http://galilusofonia.nos.gl/>), a editorial Através (<https://www.atraves->

[editora.com](#)) ou a biblioteca Lúcrio Craveiro (<https://www.blcs.pt/portal/>), ligada á mencionada rede por ter sido o espazo en que se celebrou a reunión de constitución desta).

2.2. CEG de Euskadi

Na **DU** o CEG compartilla espazo institucional coa *Cátedra de Estudos Galegos*, que foi instituída na universidade basca en 1992. Na páxina web (<https://socialesyhumanas.deusto.es/cs/Satellite/socialesyhumanas/es/catedra-de-estudios-gallegos>) compílanse algunhas das materias cuadrimestrais que son impartidas en diversas titulacións (Lingua Galega I e II, Literatura e Cultura Galega I e II ou Historia, Estrutura e Sociolingüística da Lingua Galega), polo que concluímos que a entidade posúe formación regrada en galego. Alén do máis, a universidade tamén achega ao seu alumnado a opción de seguir un Curso de Iniciación de Lingua Galega que no ano académico 2020/21 tivo unha duración de catro meses. De novo no site da universidade aparecen algunhas das actividades culturais que se realizaron en anos anteriores ou unha galería de fotos e vídeos que versan sobre celebracións vinculadas coa cultura galega, como por exemplo o Día de Rosalía ou o DLG. Tamén encontramos os datos de contacto do actual lector do CEG, accesíbeis tamén desde a páxina do PGL. Finalmente cómpre nomear unha publicación da mesma Cátedra en que se recolleron diferentes aspectos arredor do galego e a Galiza (Seoane e Suárez, 2001).

No caso do CEG da **EHU**, son moi poucos os datos que podemos encontrar na rede. O PGL si achega a información básica sobre cada un dos CEG ibéricos, mais este centro non conta cun espazo na páxina web da universidade e tampouco cun perfil en *Facebook*. Achamos a referencia a unha publicación promovida desde este CEG (Mínguez González, Mociño González e Tempano Ferreiro 2010), onde tamén se indica que a creación do centro foi en 1996. Na publicación nomeada compílanse, por unha parte, os traballos gañadores do certame

literario *Galicia en Euskadi* e son apresentados os resultados da actividade investigadora sobre a lingua e cultura galegas no exterior ligados ao mencionado CEG.

A respecto da tipoloxía e frecuencia de eventos realizados neste territorio, En Euskadi o impacto de ambos centros é moi similar, xa que na DU foron efectuados un total de 19 actividades no período estudado (47,5% das realizadas en Euskadi) e na EHU 21 eventos (52,5%). O ano máis activo foi 2017 (12 eventos efectuados no total). Ambos centros sitúanse moi por enriba da anteriormente mencionada media de 11 actividades por centro no período estudado. Na Figura 3 ollamos a periodización anual:




Figura 3: Cronoloxía de actividades dos CEG sediados en Euskadi.

Fonte: Elaboración propia.

De observarmos as actividades por ano, vemos que non hai un CEG que lidere claramente o número de eventos: en 2015 e 2019 son máis numerosas as actividades do CEG da DU, mentres que o contrario ocorre en 2017 e 2018, cunha maior paridade entre elas en 2016. En 2020 e nos tres primeiros meses de 2021 non son rexistrados eventos.

Canto aos axentes institucionais encargados dos aspectos organizativos e colaborativos da programación dos centros observamos unha alta presenza das universidades asociadas a cada centro, alén da implicación da administración autonómica galega. A asociación Galizlaek Kultur Elkartea e a editorial Através aparecen minimamente (en dúas ocasións cada unha delas).

A respecto da tipoloxía dos eventos dos centros bascos (Figura 4), observamos un moi importante número de conferencias (37,5%), coloquios (18,8%) e proxeccións (18,8%). Cunha menor presenza tamén achamos celebracións populares (6,3%), presentacións de libros (4,7%), concertos (4,7%) e homenaxes (3,1%), cursos de lingua (3,1%) e grupos de lectura (3,1%). Na Figura 4 fican sen representación as exposicións, as actividades infantís e os recitais, por contaren con menos de dous eventos. Os repertorios achados nos centros comentados teñen a ver coa festividade das Letras Galegas (5/40; 12,5%), mais tamén coa celebración popular do Magosto (4/40; 10%), coa temática da emigración (4/40; 10%) e co Camiño de Santiago (1/40; 2,5%). Observamos, con respecto ao resto de territorios, unha grande presenza da festa do magosto (celebrada todos os outonos na EHU) e do tema da emigración, debido á proxección do documental “Sitio Distinto” de Davide Cabaleiro, nun total de catro ocasións nas universidades do territorio basco, un espazo vinculado á chegada de emigración galega na segunda metade do século XX.

No relativo aos formatos escollidos e como é colixido da lectura da Figura 4, son claramente maioritarios os prototípicos do ambiente universitario. De sumarmos “Coloquio” e “Conferencia”, obteríamos un total de 56,3% do total. As proxeccións conseguen tamén unha porcentaxe significativa (18,8%), mentres que as restantes categorías, até un total de seis, alcanzan conxuntamente 25% dos eventos.




Figura 4: Tipoloxía de eventos nos CEG sediados en Euskadi.

Fonte: Elaboración propia.

Acrescentamos seguidamente algúns aspectos de relevo na análise comparada dos dous CEG do territorio de Euskadi. Chama a atención a variedade de campos nas conferencias realizadas na DU; neste CEG o persoal conferenciante non só focaliza na literatura (é o caso do relatorio do profesor e escritor Héctor Cajaraville titulada “Antonio Fraguas: por riba de todo, un mestre”), senón que tamén achamos unha maioría de relatorios arredor da música, tales como “Música tradicional no occidente galego e asturiano: do galego máis occidental ao máis oriental” a cargo dos músicos Guillermo Ignacio Costas, Xosé Ambás e Ramsés Illesies ou a conferencia nomeada “As músicas escravas do Miño ao Mississippi” da cantante María Xosé Silvar (Sés). Aliás, aparecen tamén ponencias sobre cuestións lingüísticas, como a do investigador e profesor Mario Regueira titulada “Por que abandonei a lingua da miña nai pola lingua da miña avoa”.

A respecto das proxeccións, sinalamos que gran parte delas van acompañadas dun posterior coloquio coa directora ou co director do documental ou filme. É o caso por exemplo

da proxección d'*O Apóstolo*, centrada no camiño do Santiago e seguida dun coloquio con Fernando Cortizo, realizador do filme.

As cuestións de xénero teñen unha escasa relevancia como tema neste CEG, xa que só observamos unha actividade que ten a ver con este aspecto: a proxección do documental titulado “Todas as mulleres que coñezo” dirixido pola cineasta Xiana do Teixeiro. Aliás, eventos tales como presentacións de libros ou concertos (con 4,7% do total de eventos cada un) que achamos pouco representados.

No CEG da EHU, a maioría das actividades presentan o formato de conferencia, mais con moi diversas temáticas e sen unha preeminencia clara dun campo cultural concreto (como ocorría coa música no CEG da DU). Achamos conferencias sobre literatura, como a da xestora cultural Débora Álvarez Moldes sobre “As letras de Florencio Delgado”, que foi seguida dun concerto da man do grupo musical de Valdeorras “Los Correctos”; arredor da lingua, como a do lingüista hindú Anik Nandi titulada “Vivir a diversidade lingüística-cultural en primeira persoa”, ou sobre a música, como a “Música Tradicional Galega” da docente e percussionista Xulia Feixoo.

Cómpre sinalarmos que as cuestións de xénero presentan unha importante significatividade numérica (6/21; 28,57% do total). A modo de exemplo, mencionamos a conferencia “Nenas e mozas que rompen moldes dende a literatura infantil e xuvenil” pola profesora e investigadora Montserrat Pena ou o concerto seguido dun coloquio chamado “Día internacional da muller: Mulleres galegas na cultura” da man de Uxía Senlle e o músico Sergio Tannus.

No CEG da EHU localizamos o único curso curso de iniciación á lingua galega da PI, e existen dous grupos de lectura en galego; na DU ademais, existe un seminario centrado no ensino do galego no Bierzo. Esta iniciativa, titulada “La Enseñanza bilingüe de la lengua

gallega en el Bierzo: otras prácticas de enseñanza multilingüe / Galizieraren irakastuntza Bierzo-n: beste praktika batzuk irakaskuntza eleanitzean”, foi realizada nunha única ocasión.

Para concluir a análise entre os dous CEG de Euskadi, indicaremos que non son detectadas grandes diferenzas entre eles, mais si unha maior variedade de formatos na DU fronte á EHU, que dá prioridade ás conferencias; a música é un campo cultural máis caro á primeira universidade do que á segunda, mentres que as cuestións de xénero son máis atendidas na EHU do que na DU. Finalmente, a formación en lingua galega, presente en ambas institucións e característica dos CEG deste territorio, posúe unha orientación non homoxénea en ambas universidades.

2.3. CEG de Catalunya

A **UAB** non ten unha sección dedicada ao CEG na súa páxina web, mais si conseguimos acceder á ligazón do seu Mínor en Estudis Gallecs (<https://www.uab.cat/web/estudiar/grau/oferta-de-graus/minors/informacio-general/x-1345692270291.html?param1=1345692443504>). Alí explícanse os obxectivos do mór, o seu plano de estudos, o perfil do alumnado, os seus horarios e o proceso de admisión seguidos para entrar no Mínor en Estudis Gallecs. Por tanto, esta universidade conta con formación regrada en galego. Alén disto, no PGL temos acceso ao contacto do/a responsábel e lector/a do centro.

Na **UB** encontramos tamén un Mínor en Estudis Gallecs i Portuguesos, cursado desde distintos graos da Facultade de Letras: Graos de Lléngües i Literatures Modernes, Lléngües Romàniques i les seves Literatures e Estudis Francesos (<http://www.ub.edu/filgalport/>). Como observamos, o CEG mencionado conta con formación regulamentada en galego e ademais o estudantado ten a opción de cursar determinadas materias como optativas desde calquera dos graos da Facultade de Letras da UB; na ligazón do seu *Facebook* aparecen publicacións sobre eventos e novas arredor da Galiza. Un aspecto específico do caso que analizamos é que a UB

promove unha revista científica sobre estudos de textualidade do Brasil, Galiza e Portugal que leva por nome *Abriu*. No site desta publicación (<https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu>) aparece diversa información sobre ela, como a súa temática e o seu alcance:

ABRIU é unha revista científica anual editada por Estudis Gallecs i Portuguesos (Universitat de Barcelona) i la Cátedra José Saramago (Universitat Autònoma de Barcelona). O seu obxectivo é ofrecer á comunidade académica un espazo para debater a textualidade (literatura, cinema, artes escénicas, música...) no ámbito dos estudos brasileiros, galegos e portugueses dende unha perspectiva metodolóxica plural. Cada número consta de catro seccións: un monográfico, unha miscelánea de artigos, un espazo aberto e recensións críticas de libros. Foi recoñecida pola Universitat de Barcelona e publícase simultaneamente en versión impresa e electrónica en libre acceso.

En total, rexistramos 22 actividades ligadas a estes dous CEG, mais delas 68,1% (15) foron realizadas na UB, mentres 31,9% (7) están localizadas na UAB. Desta información cuantitativa deducimos que, mentres a primeira universidade sobrepasa amplamente a media de 11 actividades por centro no período estudado, a segunda delas non a alcanza. Na Figura 5 presentamos a cronoloxía por anos de cada un dos CEG cataláns.




Figura 5. Cronoloxía de eventos organizados polos CEG sediados en Catalunya.

Fonte: Elaboración propia.

No ano 2015 non houbo actividades en ningún dos CEG cataláns. Para o resto do período, A UB e a UAB chegaron sempre á media de dúas actividades por ano, excepto en 2017 e 2021. O ano máis activo foi 2019, especialmente para a UB.

Os campos culturais atendidos neste territorio son moito menos variados do que en Portugal e en Euskadi; entre aqueles que contan con máis dunha actividade por centro unicamente encontramos o campo da literatura (12), das cuestións de xénero (5) e da lingua (3), en canto que música, gastronomía e danza só aparecen representadas nun único evento. Entre a referida maioría de conferencias ligadas ao campo da literatura podemos mencionar, a modo de exemplo, a actividade “De aldeas sumerxidas a cidades voadoras: poéticas do «realismo máxico» galego” do investigador Pablo Pesado na UB, ou a conferencia “Os contos que me contan” na UAB da contacontos Paula Carballeira (a cal podería ser enmarcada no subcampo da literatura oral). Igualmente son conferencias os eventos ligados ás cuestións de xénero e á lingua, entre as que citamos a achega da profesora Paula Bouzas titulada “Antroponimia medieval: mulleres nomeadas polos outros”.

O tratamento do xénero como aspecto de relevo nas actividades dos CEG caracteriza especificamente tanto os dous centros cataláns como o ligado á EHU en Euskadi. Para o caso catalán, podemos pór en relación esta circunstancia coa existencia do Centro de Investigación, Teoría, Xénero e Sexualidade (ADHUC) na Universidade de Barcelona (<https://www.ub.edu/adhuc/es/el-centro-investigacion>).

A respecto dos repertorios, e como se pode ver na Figura 6, cómpre comentarmos unha maioría de actividades ligadas ás celebracións institucionais do DLG (8/22; 36,3%), do Sant Jordi (3/22; 13,6%), das Letras Bascas (3/22, 13,6%) e do Día de Rosalía (2/22; 9,09%), así como as actividades arredor do tema da identidade (4/22, 18,18%), como a ponencia de Isaac Xubín “Gastronomía, identidade e literatura”. Fica fóra da gráfica a temática da emigración por

celebrarse só un evento desta natureza, enmarcado tamén dentro do campo da literatura (“Cartografías migrantes: Xohana Torres e Eva Veiga”, da man da profesora e investigadora Ana Garrido González).




Figura 6: Repertorios atendidos polos CEG sediados en Catalunya.

Fonte: Elaboración propia.

No referente ás institucións colaboradoras e organizadoras, alén da presenza maioritaria das universidades organizadoras e ademais da administración autonómica galega e de institucións culturais galegas como o Consello da Cultura Galega (en tres eventos), tamén achamos unha importante presenza na UAB do anteriormente mencionado Centro de Investigación: Teoría, Xénero e Sexualidade (ADHUC) (en tres casos), ademais das editoras Galaxia e Xerais (en dous casos).

Entre as sete actividades realizadas polo CEG da UAB podemos ver unha maioría de eventos ligados ás celebracións literarias do DLG, do Sant Jordi e das Letras Bascas; todos eles son conferencias e coloquios en que participaron por exemplo as profesoras galegas María do Cebreiro e Alba Losada, os escritores bascos Eider Rodríguez e Katixa Agirre a escritora galega

Iolanda Zúñiga. As única actividade fóra do ámbito literario e que non ten a ver cos repertorios antes mencionados é a comunicación da pandeireteira, docente e investigadora Noemi Basanta Llanes “As que tocan o pandeiro tamén queren ir bailar” (abrange cuestións de xénero, ademais do campo da música).

Á súa vez, no CEG da UB tamén a literatura posúe un gran peso cuantitativo (nove eventos), aínda que tamén teñen relevancia outros campos como as cuestións de xénero, cun total de catro eventos (tal como a conferencia “Violencia e patriarcado” pola política nacionalista e escritora Carme Adán), ou o ensino da lingua con dúas actividades (entre elas a ponencia de “O galego nas aulas de Secundaria de Cataluña. Proxectos didácticos” polas/os docentes Xiana Arias, Mónica Fernández, Max Pàrraga, Alicia Rus e Eduard Velasco).

Como conclusión xeral na análise destes dous CEG, destacamos o importante peso que o formato “conferencia” alcanza (16/22; o 72,7% do total). Outrosí, os campos culturais achados son, por orde de relevancia, a literatura, as cuestións de xénero e a lingua. O primeiro e o terceiro deles teñen a ver, igualmente, co *mínor* de galego que foi mencionado.

2.4. CEG do Estado Español (EE)

A única información referida á UA (na Comunitat Valenciana) está na web do PGL, dentro da Rede de Centros Galegos, e está centrada en datos de contacto: o contacto da responsábel do CEG ou o nome do persoal lector da universidade no momento. No seu *Facebook* si podemos observar unha páxina dedicada a un “Centro Galego de Valencia”, non ligado á universidade.

A UCM (Comunidad de Madrid) non compila información sobre o centro na súa web universitaria. Tal e como nos casos precedentes, os datos de contacto do/a responsábel e lector/a do centro achéganse na web do PGL. Con todo, talvez podemos sinalar como o máis relevante deste centro o feito de contar cunha revista científica que leva por nome *Madrygal*

(<https://revistas.ucm.es/index.php/MADR>). Fundada en 1998, as linguas admitidas para as súas publicacións son especialmente o galego e o castelán, aínda que eventualmente tamén se admiten o portugués e o inglés. Da súa páxina citamos o seguinte parágrafo, que ten a ver co funcionamento da revista:

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos (ISSN: 1138-9664 / ISSN-e: 1988-3285) é unha publicación periódica de carácter científico promovida e editada polo Centro de Estudos Galegos da Facultade de Filoloxía da UCM, e financiada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Consonte o seu perfil científico e área de coñecemento (Humanidades), *Madrygal* admite artigos relacionados con todas as disciplinas humanísticas (filoloxía, lingua, literatura, historia, filosofía, xeografía, socioloxía, arte, antropoloxía, comunicación, documentación, humanidades dixitais etc.), de corte teórico, metodolóxico ou comparativo, desde que estean enfocados ou teñan interese no campo de estudos galegos. En todos os casos, os artigos considerados para a súa publicación na revista deben contribuír e fomentar a análise crítica, o debate, o intercambio científico e a difusión da investigación humanística relacionada cos estudos galegos.

O PGL achega distinta información básica sobre o CEG da **UEX**; alén do máis, a súa páxina de *Facebook* (neste caso si ligada á universidade extremeña), permítenos coñecer a súa programación e os seus proxectos. Con todo, ben é certo que na páxina web da universidade non detectamos ningunha sección sobre o CEG e o seu funcionamento, aínda que podemos observar que o CEG colaborou no monográfico Vol. 11.2 / 2017 da revista *Limite. Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía* (Carrasco González e Alonso Parada 2017), consecuencia do IV Coloquio de Lingüística Histórica en outubro de 2016. É por isto que facemos mención.

Na Comunidade Autónoma de Andalucía só a **UGr** conta cun CEG, que aliás non ofrece demasiada información quer en soportes virtuais quer en físicos. Como vén sendo habitual en todos os centros da PI que levamos caracterizados até o de agora, si conseguimos a súa

información principal no PGL, mais descoñecemos o funcionamento desta institución, que non aparece mencionada na web da universidade.

Referímonos a seguir á **USal** (en Castela e León). Sobre o centro salmantino non se encontra información máis que no PGL, onde se achegan os datos de contacto da persoa responsábel do centro. Con todo, si podemos observar que na institución universitaria existe a opción de cursar o Grado en Estudos Portugueses y Brasileños (<https://www.usal.es/portbrasusal/presentacion>) en que o alumnado ten a opción de escoller algunhas materias que abranguen aspectos sobre a lingua e literatura galegas, como por exemplo Segunda Lengua I y II: Catalán, gallego y vasco, Historia y cultura gallegas, Literatura gallega actual.

O centro cun maior volume de actividades no EE está en USal (14), a que seguen UEx (11), UCM (6) e UA e UGr (3 cada un). Só os dous primeiros CEG alcanzan a media anteriormente indicada de 11 actividades no total do período, en tanto que tres deles se sitúan ben por debaixo desta cifra. Na Figura 7 esta información aparece desglosada por anos.




Figura 7: Cronoloxía de actividades dos CEG sediados no EE.

Fonte: Elaboración propia.

Segundo se observa na Figura 7, en case ningún ano existen actividades en todos os CEG (a excepción é o ano 2018); isto denota un funcionamento moi variábel de cada unha destas institucións, talvez dependente de vicisitudes tales como a existencia, ou non, de persoal lector nese ano ou outros aspectos similares. Destaca ademais o importante volume de actividades realizadas no CEG salmantino, especialmente durante os anos 2016 e 2017. Ademais, este CEG foi o que primeiro comezou no período representado, pois é o único con eventos en 2015.

A respecto dos repertorios deste espazo cómpre distinguirmos unha maioría de actividades centradas na festividade das Letras Galegas (13) e unha minoría delas sobre o repertorio do Camiño de Santiago (2). Fica fóra da Figura 7 a temática da emigración por conter unicamente un evento desta natureza (unha exposición sobre o escritor Manuel Rodríguez López na Universidade de Extremadura). Como hipótese explicativa podería aducirse o feito de non ser Extremadura un territorio receptor da emigración galega, a diferenza do que sucedeu con Cataluña e Euskadi.

Canto aos axentes institucionais organizadores e colaboradores en eventos, observamos unha alta presenza dos propios CEG, as súas universidades asociadas e a administración autonómica galega. Outras institucións diversas están ausentes: só faremos referencia á Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e ao Ateneo de Madrid, pola súa representatividade en cada un dos espazos a que pertencen e porque están implicadas en dous eventos cada unha delas.

Todas as actividades do centro valenciano teñen a ver coa literatura e son conferencias; un exemplo é a conferencia “Relatorios sobre a literatura galega na etapa trobadoresca” da man dos profesores Mariña Arbor, Antonio Chas Anguión e Manuel Ferreiro.

Da mesma maneira que o CEG da UA, o centro da UCM focaliza as súas seis actividades no campo literario, mais esta vez non en todos os casos se trata de conferencias; nunha das ocasións o evento abrangue a un tempo o campo da ilustración e o literario e titúlase “Ilustrando a Carvalho Calero” [sic]. Outro exemplo de evento centrado na literatura sen formato de conferencia é a “Intervención de Aldaolado sobre poesía galega contemporánea” da man das poetas e monologistas María Lado e Lucía Aldao.

Alén da centralidade da literatura, no CEG da UEx tamén son realizadas outras actividades que implican campos como a música ou o cinema. Neste sentido, cómpre mencionar que se levou a cabo un concerto da man do grupo musical “Os atrevidos de Barcala” e tamén foron celebradas as “I Xornadas do audiovisual galego en Cáceres”, en que foron proxectados os seguintes audiovisuais, cuxos realizadores se mencionan: “Querida Gina” de Susana Sotelo, “Lobos Sucios” de Simón Casal de Miguel e “As altas presións” de Ángel Santos.

A pesar do reducido impacto que ten o CEG da UGr no conxunto do EE, as únicas tres actividades realizadas en Granada son altamente diversas entre si: unha delas é a proxección da longametraxe “O Lapis do Carpinteiro”, dirixida por Antón Reixa; outra é unha celebración popular de Entroido en que se inclúe a oportunidade de ouvir música galega ou degustar pratos propios da Galiza e, finalmente, en Granada tiveron lugar, xa en 2020, as “I Xornadas Culturais sobre o Camiño de Santiago”, a modo de coloquio, en que alumnado e persoal asociado ao departamento de Lingua Galega relataron as súas experiencias arredor da experiencia do camiño. Infelizmente, a información sobre o evento non permite coñecer a posíbel presenza de axentes institucionais na súa organización e colaboración.

A maioría dos eventos do CEG da USal son conferencias, mais non en todos casos son unicamente sobre literatura, como a ponencia de Alba Cid, profesora de Secundaria e crítica

literaria, quen presenta unha actividade titulada “Unha xenealoxía rupturista: tres décadas de poesía galega”. Tamén encontramos varias comunicacións sobre a edición, tales como a de “Editar e publicar desde a periferia galega na actualidade” de Tomás González Ahola, tradutor, editor e escritor galego; ou a de Johannes Kabatek, catedrático na Universidade de Zurich e autor da obra *Os falantes como lingüistas* (Xerais, 2000), quen falou sobre “O galego culto, unha lingua problemática”. A música tivo tamén o seu espazo a través da conferencia de María Xosé Silvar (Sés) e que disertou acerca de “A creación musical en linguas minoritarias e minorizadas. O caso do galego”. Ademais tamén achamos unha proxección da “Esmorga” e un recital de poesía da man de Emma Pereira Lombardía, poeta e narradora da xeración de 90.

En síntese, observamos unha grande presenza da literatura nos CEG do EE, mais unha grande ausencia dos audiovisuais ou de outras artes figurativas como a fotografía. En xeral, afirmamos que non hai demasiada diferenza entre os cinco centros canto ás extratexias seguidas e que a celebración do DLG é a que monopoliza os repertorios neste territorio cultural.

3. Análise conxunta das accións dos CEG

Nesta sección incluimos a información correspondente ao estudo relacional do volume de actividades de cada CEG, a tipoloxía de actividades desenvolvidas polas entidades que nos ocupan ou os campos culturais maioritarios nos eventos.

Adxuntamos información gráfica que pode ser de utilidade para compararmos a cantidade de actividades por ano efectuadas por cada centro e para saber cal foi o espazo cultural que estivo máis activo na realización de eventos. Na Figura 8 obsérvase que o período que vai de 2016 a 2019 foi o máis dinámico para grande parte dos CEG; é interesante, por exemplo, o feito de que na EHU, durante o ano 2017 se chegou a efectuar un total de sete actividades, e na UMinho, durante o 2016, foron seis as actividades promovidas desde o centro. Se temos en conta que, tal como en páxinas anteriores foi mencionado, a media de actividades

por ano para cada CEG é de menos de dúas, parece doado valorar a importancia cuantitativa dos datos sinalados.




Figura 8. Cronoloxía de actividades por CEG.

Fonte: Elaboración propia.

De outra perspectiva aínda que continuando coa análise cuantitativa, amósase na Figura 9 a cantidade de actividades executadas por cada un dos espazos culturais que ocupan diferentes territorios da PI. Observamos que Euskadi é o territorio que levou a cabo un maior número de actividades tanto en 2015 como en 2017, con apenas dous CEG activos; en 2016 este espazo estivo igualado co Estado Español cun total de nove eventos anuais. Porén, nos anos máis recentes o volume de eventos nos centros de Euskadi e Catalunya descende progresivamente: vemos que en 2020 e no primeiro trimestre de 2021 non tivo lugar actividade ningunha. Esta información pode ser analizada comparativamente, por exemplo, a respecto dos datos achegados polos centros portugueses, os cales si mostran unha continuidade até a actualidade, aínda que nun reducido volume. O motivo principal deste recuamento na promoción de eventos desde estes CEG é probablemente a situación de pandemia pola COVID-19, en que o mundo

enteiro está inmerso aínda a día de hoxe; posibelmente as estratexias de control desenvolvidas en determinados territorios implicaron un pechamento total da actividade universitaria, o que impediu que se realizasen actividades nos seus CEG correspondentes.




Figura 9. Cronoloxía de actividades dos CEG por espazos culturais.

Fonte: Elaboración propia.

Adxuntamos neste punto un gráfico que presenta as actividades realizadas por cada espazo cultural, mais esta vez na totalidade do período estudado (Figura 10). Os dous CEG de Euskadi realizaron un 30,5% do total e esta área aparece consolidada como aquela que presenta un maior volume de actividade; o EE sen Euskadi e Catalunya, composto por cinco CEG, efectuou un 28,2% de eventos do total; Portugal, con tres CEG, levou a cabo un 24,4% das actividades totais e os dous CEG de Catalunya teñen unha programación cun baixo número de accións, en total 22, polo que este último aparece como o espazo cultural menos activo (16,8%) dentro dos centros ibéricos. Outrosí, cómpre termos en conta que Euskadi duplica a Catalunya con o mesmo número de CEG.

Este aspecto afecta por súa vez á media de actividades por centro en cada espazo: Portugal (10,6), Euskadi (20), Catalunya (11) e EE (7,4). De termos isto en conta e de confrontarmos, por exemplo, o resultado de actividades totais promovidas polo Estado Español e Portugal, podemos afirmar que o segundo actúa máis activamente pois, a pesar de albergar soamente tres centros fronte aos cinco que se recollen no Estado Español, o resultado final é moi similar (28,2% para o EE e 24,4% Portugal). Así pois, Portugal ten un maior grao de continuidade e institucionalización entre todos os espazos (nomeadamente a UMinho) e tamén de diversidade de acordo co que observamos na Figura 11.




Figura 10. Porcentaxe de actividades dos CEG entre 2015-2021 por territorios

Fonte: Elaboración propia.

Analizamos a continuación os campos culturais maioritarios en que se engloban os eventos; o principio reitor que seguimos é o de que cada campo ten de contar con máis dunha actividade por centro dentro dos espazos culturais que nos ocupan. É importante ter en conta que as actividades recollidas na nosa base de datos poden, na súa maioría, ser situadas en máis dunha única categoría: poñamos como exemplo a “Proxección do documental “Sitio Distinto” na EHU en 20 abril de 2018; nela foi proxectado o documental mencionado e tamén foi realizado un coloquio liderado polo seu director, Davide Cabaleiro. Ademais, as persoas

asistentes ao evento tiveron a oportunidade de degustar produtos típicos galegos. Así pois, este evento engloba o campo cultural do cinema e documentais, o coloquio e a gastronomía, alén do repertorio da emigración.

Para a análise desta cuestión, achegamos un gráfico (Figura 11) en que mostramos os números absolutos de eventos e comentaremos a súa porcentaxe sobre o total. Observamos unha preeminencia clara da literatura, cun total de 58 (33,7%) actividades durante estes anos, seguida da música, con 27 (15,6%) eventos, e do cinema e os documentais con 25 (14,53%). Con menor presenza achamos actividades sobre a lingua (16; 9,3%), sobre gastronomía (12; 6,9%) e de cuestións de xénero (12; 6,9%). Cun moi reducido volume de actividades aparecen tamén outros campos como a fotografía (5; 2,9%), a arte (5; 2,9%) e a danza (4; 2,3%). Unicamente cunha actividade por centro, no máximo, aparecen unha serie de campos tales como a tradución (3; 1,74%), a literatura oral (3; 1,7%), a artesanía (2; 1,16), a arqueoloxía (1; 0,58%), a ilustración (1; 0,58%), a arquitectura (1; 0,58%) e os deportes (1; 0,58%) que mostramos na Figura 11 como “Outros” (6,97% do total).




Figura 11. Campos culturais atendidos polos CEG por territorios.

Fonte: Elaboración propia.

Dentro do campo cultural da literatura, se repararmos nos xéneros literarios promovidos desde os centros, encontramos unha maioría de eventos literarios que teñen a ver co xénero lírico (44,4%) seguido do dramático (22,2%). Cunha menor presenza achamos as actividades ligadas ao ensaio (16,7%) e á narrativa (16,7%).

A importante cantidade de eventos ligados á poesía pode ser debida á celebración do Día de Rosalía e a actividades que inclúen recitais poéticos ou homenaxes a poetas tales como Manuel Rodríguez ou Xohana Torres. O teatro ten grande relevancia en especial no territorio portugués, con actividades tales como “20 Anos de Teatragal”; pola súa parte, o ensaio e a narrativa corresponden na súa maioría a presentacións de libros (Quigora 2016 ou Bravo 2019).




Figura 12. Xéneros literarios promovidos polos CEG na totalidade de eventos literarios.

Fonte: Elaboración propia.

Alén dos campos culturais, cómpre facermos referencia aos repertorios da programación de cada un dos espazos culturais (Figura 13). Aplicamos a pauta dun mínimo de dúas actividades por repertorio para a súa representación, e achamos os seguintes: as actividades relacionadas coa celebración institucional do DLG (31; 50% no total) e do Día de

Rosalía (7; 11,2%), a temática da emigración (7; 11,2%); a celebración popular do magosto (5; 8%); as actividades que focalizan en diferentes perspectivas da temática de identidade (4; 6,4%), o tema do Camiño de Santiago (3; 4,8%) e os eventos arredor da festividade do Sant Jordi (3; 4,8%), levados a cabo no centro catalán da UAB, en que houbo tamén unha representación das Letras Bascas en tres ocasións (4,8%) por parte dos escritores e escritoras Eider Rodríguez, Iban Zaldúa e Katixa Agirre. Fican fóra da Figura 13 as actividades relacionadas co patrimonio (1; 1,6%) e coas redes sociais (1; 1,6%).

A conmemoración do DLG ten un grande impacto sobre todo dentro do EE, en que se configura como o claramente maioritario; a emigración ten relevancia en Euskadi, talvez por ser este un dos destinos da poboación galega na segunda metade do século XX. En Catalunya e Euskadi podemos ver a relevancia que ten a celebración de eventos propios (Letras Bascas, Sant Jordi) por seren culturas próximas e que compartillan espazo político institucional coa Galiza. En xeral, contrasta o escaso volume de actividades relacionadas co Camiño de Santiago a respecto da grande promoción institucional desta ruta de peregrinación.




Figura 13: Repertorios promovidos polos CEG por territorios.

Fonte: Elaboración propia.

Outro dos aspectos analizados é a tipoloxía dos eventos que caracterizan as actividades realizadas polos CEG que nos ocupan. O criterio que utilizamos para a súa representación é a pertenza de máis de dúas actividades a cada tipoloxía nalgún dos territorios da PI. Unha vez máis, en varios casos un único evento pode ser incluído en varias categorías: por exemplo, “Contando a Carlos Casares” [sic] por Gonzalo Veloso (varios CEG de Portugal e Euskadi en 2017) consiste nunha proxección deste documental sobre a figura homenaxeada no DLG, mais como as persoas asistentes tiveron tamén a oportunidade de participaren nun coloquio co director, este evento foi catalogado como proxección, homenaxe e coloquio.

Na Figura 14 podemos observar que entre as actividades dos territorios da PI sobresaen claramente as conferencias (77; 40,9% eventos no total), seguidas dos coloquios (30; 15,9%), as proxeccións (25; 13,2%), as homenaxes (17; 9%), os concertos (11; 5,8%), as presentacións de libros (9; 4,7%), as celebracións populares (5; 2,6%), os recitais (5; 2,6%) e as actividades infantís (4; 2,1%). Fican fóra deste gráfico por non cumpriren o criterio aplicado os cursos de lingua (2; 1,06%), os grupos de lectura (2; 1,06%) e as actividades arredor da ilustración (1; 1,06%).




Figura 14. Tipoloxía dos eventos organizados polos CEG.

Fonte: Elaboración propia.

Focalizaremos agora a nosa atención naqueles axentes individuais que participan nos eventos. O criterio seguido nesta ocasión é a participación de cada persoa en polo menos dúas actividades. Con todo, temos de ter en conta o feito de que a maioría dos/as axentes que participan dos eventos dos CEG acoden unha única volta aos centros (82,5% do total) e por iso non fan parte do gráfico que segue. A participación nos eventos ten, por tanto, un carácter distribuído máis do que concentrado, no sentido de que cada individuo é convidado a facer unha única actividade nun único centro, e non un percorrido por distintos CEG realizando a mesma actividade: esta é a situación maioritaria.




Figura 15. Participantes nas actividades dos CEG por territorios.

Fonte: Elaboración propia.

Compilamos na Figura 15 un total de 28 persoas ou grupos (que constitúen apenas o 17,5% do total) que participaron, no mínimo, en dúas actividades nos territorios que nos ocupan. Así pois, observamos que os axentes con maior presenza nas actividades dos CEG na PI son o profesor da UMinho Carlos Pazos-Justo (6) e o grupo musical portugués Canto d' Aqui

(5), seguidos de Davide Cabaleiro, director do documental “Sitio Distinto”; Montserrat Pena, profesora na Universidade de Santiago de Compostela; a escritora Leticia Costas, a cantautora María Xosé Silvar (Ses) e o director do documental “Contando a Carlos Casares” [sic], de nome Gonzalo Veloso (estes últimos fixeron parte de catro actividades cada un). A cantante Uxía estivo presente en tres actividades dos CEG da PI e as restantes persoas acudiron unicamente en dúas ocasións aos centros: Guillermo Ignacio Costas, Xosé Ambás, Ramsés Illesies, Iolanda Zúñiga, Noemi Basanta Llanes e outros/as.

Na Figura 15 observamos tamén un outro aspecto de grande interese, a escasa circulación entre espazos; só nove (9) persoas participan en actividades localizadas en dous espazos diferentes (Carlos Pazos-Justo, Montserrat Pena, Leticia Costas, Sés, Gonzalo Veloso, Uxía Senlle, Noemi Basanta Llanes, Isaac Xubín e Simón Casal de Miguel). Na súa maioría si son actividades novas en cada un dos CEG en que interveñen, isto é, cada persoa non repite o evento en diversos centros: pónase por caso o da escritora Leticia Costas, que participa en diferentes CEG con eventos tales como un coloquio, unha conferencia e un grupo de lectura. Porén, o documentalista Gonzalo Veloso si realiza a actividade de proxección de “Contando a Carlos Casares” [sic] en dous centros de Portugal e do Reino da España. Polo xeral son eventos itinerantes, isto é, os CEG levan a cabo actividades semellantes protagonizadas polas mesmas persoas en distintas entidades.

A respecto das persoas participantes en máis dun evento (28), é preciso indicarmos minimamente o seu perfil profesional. Mostraremos a continuación a tabela 2, en que se agrupan os oficios de cada unha destas; debemos levar en conta, porén, o feito de que un mesmo individuo pode ter máis dunha área de actividade: por exemplo, en case todos os casos aqueles/as que se dedican á literatura partillan igualmente un perfil docente (agás Iolanda Zúñiga e Leticia Costas que son soamente escritoras).

Música	Docencia e Literatura	Audiovisuais
Artur Caldeira Banda de Música de Santiago de Compostela Grupo Canto d' Aqui Guillerme Ignacio Costas Iria Estévez María Xosé Silvar (Ses) Ramsés Illesies Uxía Senlle Xosé Ambás	Anxo Angueira Artur Caldeira Carlos Pazos-Justo Carlos Quiroga David Pérez Iglesias Diana Gonçalves Eduardo Maragoto Gonzalo Hermo Isaac Xubín Marco Neves Margarita Ledo Andión María Dolores Villanueva Montserrat Pena Noemi Basanta Llanes	David Pérez Iglesias Davide Cabaleiro Fernando Cortizo Gonzalo Veloso Margarita Ledo Andión Simón Casal de Miguel

Tabela 2: Relación entre profesións e participantes nas actividades dos CEG.

Fonte: Elaboración propia.

En canto aos eventos protagonizados por persoas ou grupos que só interveñen unha única vez e que non figuran, por tanto, na tabela 2, cómpre mencionar a súa grande diversidade: temos escritoras como Rosa Aneiros, músicos como o Dúo VooDoo, regueifeiras como Alba María, editores como Francisco Castro, Mercedes Queixas, antes profesora e activista e na actualidade deputada do BNG, profesorado universitario como Xosé María Dobarro e Mariña Arbor, monoloxistas como Lucía Aldao e María Lado, políticos como Valentín García Gómez etc. De novo, cúmprese o feito de que as persoas teñen ás veces máis dun perfil profesional.

A respecto dos axentes institucionais e analizados na Figura 15, non hai dúbida de que as universidades asociadas a cada unha das entidades, alén dos propios CEG e a Administración autonómica galega (Xunta de Galicia), son aqueles/as que obteñen unha maior representación como institucións organizadoras e colaboradoras, respectivamente, da programación dos centros. Neste caso o criterio que aplicamos para a confección da figura é a participación dos axentes institucionais na programación dos CEG en máis dunha ocasión, polo que todos os que colaboraron ou organizaron eventos unha única vez quedan fóra deste estudo. Mostra da grande variedade destes axentes que só partillan un evento é a seguinte relación de institucións: Etxepare Institutua, Radio Municipal de Tui, Livraria Centéssima Páxina, Estádio do Restelo,

Asociación de Mulleres Galegas “Rosalía de Castro”, a institución transfronteiriza Interreg Galicia-Portugal, entre outras.

Agrupamos en distintas categorías as seguintes institucións que aparecen na figura 16: os “CEG” (114; 87,6% dos eventos no total) comprenden cada unha das 12 entidades a que fixemos referencia en numerosas ocasións durante este traballo situadas na PI; as “Universidades asociadas a cada centro” (122; 93,1%) son as 12 universidades ligadas ás institucións dos CEG; na sección “Administración autonómica galega” (103; 78,6%) faise referencia á Xunta de Galicia; nas “Institucións culturais galegas” entra a Real Academia Galega (3; 2,29%), a Rede da GaliLusofonía (2; 1,5%) e o Consello da Cultura Galega (4; 3,05%); nos “Centros universitarios de investigación” áchase o Centro de Investigación: Teoría, Xénero e Sexualidade (ADHUC) da UAB (4; 3,05%); nas “Asociacións” incluimos a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG; 3; 2,29%), o Centro Intercultura Cidade (2; 1,5%), o Galizalek Kultur Elkartea (2; 1,5%), o Centro Galego de Lisboa (Xuventude de Galicia; 3; 2,29%) e o Ateneo de Madrid (2; 1,5%); nas editoriais de máis de unha actividade encontramos as editoras Xerais (2; 1,5%), Galaxia (2; 1,5%) e Através (2; 1,5%) de diferente grado de institucionalización; coa chave “Radios universitarias” temos a Rádio Universitaria do Minho (5; 3,81%); como “Empresa privada” contamos coa adegua Señorío de Rubiós (2; 1,5%); en “Grupos musicais” áchase o Grupo Canto d’Aqui (4; 3,05%); entre as “Bibliotecas” participantes en dúas ou máis actividades está a Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva (2; 1,5%) situada no Minho e por último entre os “Edifícios patrimoniais” incluimos o Mosteiro de Tibães (4; 3,05%).




Figura 16. Axentes institucionais participantes nas actividades dos CEG por territorios.

Fonte: Elaboración propia.

Descubrimos agora na tabela 3 a duración temporal dos eventos. As actividades desenvólvense xeralmente nun só día, aínda que tamén aparecen algunhas exposicións de maior duración (como a actividade “Ricardo Carvalho Calero e a historiografía literaria en Galicia” da UB, de dous meses) ou celebracións periódicas semanais, como é o caso da Semana Cultural Convergências Portugal-Galiza, realizada no centro da Universidade do Minho que demostran o alto grao de institucionalización da actividade.

Duración do evento	Portugal	Euskadi	Catalunya	EE
1 día	20	38	19	28
2 días	1	0	0	4
3 ou máis días	11	2	3	5

Tabela 3. Distribución temporal dos eventos organizados polos CEG.

Fonte: Elaboración propia.

Na Figura 17 observamos o xénero das persoas que interveñen nas actividades dos CEG da PI. Amósanse os resultados absolutos seguido das porcentaxes. Tal e como se observa, só nos centros de Catalunya o número de participantes mulleres é máis elevado (10/28; 35,7%

homes vs. 18/28; 64,3% mulleres); isto pode ser debido, principalmente, ao alto volume de eventos que teñen relación coas cuestións de xénero. O campo é bastante numeroso tamén en Euskadi, onde os homes (27/51; 52,94%) contan cunha cifra maior de actividades, mais a cantidade está máis igualada a respecto das mulleres (24/51; 47,05%).




Figura 17. Relación entre homes e mulleres nos eventos organizados polos CEG.

Fonte: Elaboración propia.

4. Síntese conclusiva

Este traballo consiste nunha aproximación á programación de eventos dos CEG da PI entre o 2015 e marzo de 2021 por medio dunha análise descritiva, cuantitativa e relacional, a través do uso da ferramenta procedimental xa existente e adaptada ao TFG, o aplicativo Refworks. Destas páxinas podemos tirar unha serie de conclusións:

En primeiro lugar e en canto ás ferramentas utilizadas, ficou claro na abordaxe das accións dos CEG e na súa análise conxunta que a aplicación permite compilar a información do período en foco en termos absolutos, elaborar gráficos porcentuais tirados dela, así como

construír diversas conclusións acerca da programación dos centros a partir de distintas follas de cálculo e gráficas.

En segundo lugar e en contraste co estado da cuestión, afirmamos que este TFG supón unha primeira aproximación descritiva e analítica á cronoloxía, os campos culturais, os repertorios, a tipoloxía, os/as axentes involucrados nas accións, as institucións organizativas e colaboradoras da programación e a duración dos eventos dos diferentes CEG localizados nos catro espazos culturais delimitados na PI. Cómpre termos en conta que un estudo detallado sobre esta cuestión non fora aínda realizado.

No relativo ao coñecemento novo xerado a partir do proxecto, verificamos que o período entre 2016 e 2019 foi o máis activo para as 12 entidades que nos ocupan; no entanto, nos últimos anos de pandemia pola COVID-19 rexistrouse unha notábel redución de eventos. Poderíase lanzar a hipótese de que o volume de actividades era sostido e constante até a emerxencia sanitaria en que aínda nos encontramos. Con todo, semella posíbel imaxinarmos un tempo de post-pandemia en que a actividade se recupere. Euskadi, con unicamente dous CEG, realiza o maior número de eventos, seguido do EE, o territorio con máis centros (cinco) e de Portugal con tres centros. O espazo cultural menos activo é Catalunya, onde se sitúan tamén dous CEG, aínda que por número de centros esta posición de menor produtividade corresponda ao EE.

A respecto dos campos culturais, encontramos en xeral unha maioría de eventos ligados á literatura, seguidos da música e do cinema (incluímos na categoría os documentarios); os campos restantes non chegan ao 10% do total, e entre eles hai unha grande diversidade: lingua, gastronomía, cuestións de xénero etc. No que se refire aos repertorios, a metade das actividades destes espazos están relacionadas coa celebración de efemérides como o DLG, mentres que outras conmemoracións e festividades como o Día de Rosalía, as Letras Bascas, o Sant Jordi

ou o magosto, así como as temáticas da emigración, da identidade ou do Camiño de Santiago, aparecen moito menos representadas. A importancia que desde a administración autonómica galega é outorgada ao Camiño de Santiago contrasta grandemente co escaso volume de actividades que versan sobre este repertorio nos CEG estudados.

A respecto do formato dos eventos, sobresaen as conferencias, os coloquios e as proxeccións, mais tamén aparecen outras actividades cun baixo número de ocorrencias, como as homenaxes, os concertos e as presentacións de libros, entre outras. É maioritaria a presenza de actividades desenvolvidas nun único día e non institucionalizadas, que mudan de ano a ano, sen repetición periódica. Este aspecto pode ser relacionado co feito de que os/as axentes individuais convidados/as polos CEG a interviren nos eventos escasamente participan máis dunha vez en distintos espazos. O habitual é que cada persoa ou colectivo realice unha única intervención nun único CEG e nun único ano, aínda que un 17,5% dos axentes si repite participación.

Nunha maioría das accións, as institucións encargadas de organizaren ou colaboraren nos eventos son os propios CEG, as universidades asociadas a estes e a administración autonómica galega; isto revela un nivel extremadamente baixo de colaboración doutras entidades galegas (asociacións, editoriais, grupos musicais etc.), ou pertencentes ao territorio ibérico en que se sitúa cada CEG: unhas e outras non chegan a participar nin nun 5% do total de actividades. Alén disto, observamos pouca participación allea á universidade e á administración, o que determina o carácter interno (isto é, universitario) das actividades. Con todo, é posíbel falarmos de Portugal como aquel espazo en que hai unha intervención asociativa e privada máis elevada.

Por último, en relación cos resultados de aprendizaxe tirada do proceso de elaboración do TFG, sinalamos que neste proxecto traballamos por primeira vez cunha base de datos

mediante abordaxes absolutas, porcentuais, relacionais e con elaboración de figuras, utilizando a un tempo diferentes ferramentas xa existentes, como o Excel ou o Refworks, mais (no caso desta última) adaptadas ás nosas necesidades. Aprofundamos grandemente na idiosincrasia das actividades deste lapso temporal e coliximos que o traballo foi unha experiencia novidosa, grata e de utilidade para entendermos a promoción da cultura galega no exterior e nomeadamente na PI.

5. Referencias bibliográficas

Bravo Barreiro, G. (2017). *Galegoekin Bapo. Influencia gallega en la música folclórica de Euskal Herria*. Gasteiz: Herrena Edizioak.

Bordieu, P. (2004). *O campo literario*. Santiago de Compostela: Editora Laivento.

Botana Vilar, M^a J. (2020). *Eva: breve esbozo del universo femenino en las Cantigas de Santa María*. Madrid: Ediciones Complutense.

Callón, C. (2019). *Inscripcións*. Vigo: Editora Galaxia.

Carrasco González, J. M. e Alonso Parada, R. (2017). *Limite. Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía*. Resultado da celebración en Cáceres do *IV Coloquio de Lingüística Histórica* en outubro de 2016. Recuperado de https://www.lingua.gal/c/document_library/get_file?folderId=1726079&name=DLFE-17928.pdf. [consult. 03/05/21].

Castañer Berenguer, Rebeca (2020). *Proyección de la lengua y cultura españolas en Portugal: el caso del Instituto Cervantes de Lisboa (2009-2018)*. Dissertação de mestrado em Español como Segunda Lengua (L2) y Lengua Extranjera (LE) (MELSLE) Enseñanza de ELE, Universidade do Minho. Recuperado de <http://hdl.handle.net/1822/69127>. [consult. 03/05/21].

- Even-Zohar, I. (1997): “Factors and Dependencies in Culture: A Revised Outline for Polysystem Culture Research”, *Canadian Review Of Comparative Literature*, XXIV:1, pp. 15-34.
- Groba Bouza, F. e Dono López, P. (2017): *Galegos no Minho. 20 anos do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho*. Braga: Húmus. Recuperado de <https://repositorium.sdum.uminho.pt/bitstream/1822/53207/1/Galegos%20no%20Minho.pdf> [consult. 18/05/21].
- Kulturaren Euskal Behatokia (2010). “Informe sobre la diplomacia cultural”. Recuperado de https://www.kultura.ejgv.euskadi.eus/contenidos/informacion/keb_argit_kultura_diplomazia/es_def/adjuntos/Diplomacia_cultural.pdf [consult. 03/05/21].
- Lourido, I. (2019). “O espaço literário ibérico na última década. Hipóteses para o estudo das fronteiras e das relações”, en Martínez Tejero, C. & Pérez Isasi, S. (eds.) *Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos*. Veneza: Università Ca’ Foscari, Biblioteca di Rassegna Iberistica.
- Mendes Silva, & I. Chumbo (2020). *Culturas, Identidades e Litero-Línguas Estrangeiras. Atas do III Colóquio Internacional de Línguas Estrangeiras* (pp. 109-120). Bragança: Instituto Politécnico de Bragança.
- Mínguez González A.; Mociño González, I. e Tempreano Ferreiro, A. (2010). *Galicia en Euskadi*. Bilbao: Euskal Herriko Unibertsitatea
- Neves, M. (2017). *A Incrível História Secreta da Língua Portuguesa*. Editora Guerra e Paz.
- Pazos-Justo, C. (2016). *A imagem da Galiza em Portugal*. Santiago de Compostela: Através editora.
- Pazos-Justo, C., Iriarte Sanromán, A. & Castañer Berenguer, R. (2020). Proyección de la(s) cultura(s) española(s) en Portugal. Contribución a partir del análisis de la programación

cultural del Instituto Cervantes de Lisboa. In A. Dotras Bravo, A. Maria Alves, C. Martins, E. Mendes Silva, & I. Chumbo (2020). *Culturas, Identidades e Litero-Línguas Estrangeiras*. Atas do III Colóquio Internacional de Línguas Estrangeiras (pp. 109-120). Bragança: Instituto Politécnico de Bragança.

Quiroga, C. (2016). *A imaxe de Portugal na Galiza*. Santiago de Compostela: Através editora.

Seoane, I. e Suárez, M. L. (2001) *Letras galegas en Deusto. Dez anos de estudos galegos 1991-2001*. Bilbao:Bilbao: Cátedra de Estudos Galegos, Facultad de Filosofía y Letras, Universidad de Deusto.

Valenciano, A. (2000). *Romancero Xeral de Galicia, I: os romances tradicionais de Galicia*. Madrid/Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro/Fundación Ramón Menéndez Pidal.

Xunta de Galicia: (2020). *ORDE do 23 de outubro de 2020 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2020*. DOG, 02/11/2020, p. 43560. Recuperado de https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201102/AnuncioG0598-231020-0004_gl.html. [consult. 03/05/21].